



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA

Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes
Sección de Educación, Cultura e Deportes
Expediente: 2019000003594

RESOLUCIÓN Nº 27036/2019 POLA QUE SE APROBA A CONCESIÓN DEFINITIVA DAS BOLSAS DE INVESTIGACIÓN 2019-ÁREA DE PLANIFICACIÓN SOCIOLINGÜÍSTICA DA LINGUA GALEGA

Don XOSÉ REGUEIRA VARELA, Presidente en funcións da Deputación Provincial da Coruña

Por resolución da presidencia n.º 24152, do 11 de xullo de 2019, aprobouse a adxudicación provisional das Bolsas de investigación 2019-Área de planificación sociolingüística da lingua galega e concedeuse un prazo de 10 días para comunicar, se for o caso, a desistencia da solicitude, presentar alegacións ou emenda de erros.

Visto que no dito prazo non se presentaron desistencias, alegacións ou emendas.

Vistos os informes dos servizos de Acción Social, Cultural e Deportes e de Fiscalización

RESOLVO:

1.- Conceder definitivamente as bolsas ás seguintes persoas:

Titular da bolsa: NAYA SÁNCHEZ, XIAN

Expediente: 2019000011722

Título do proxecto obxecto da bolsa: A regueifa como nova ferramenta para a normalización da lingua galega: Estudo da situación actual e proposta de planificación

Importe da bolsa: 8.000 €

2.- Dispor o gasto das bolsas concedidas con cargo á aplicación 0612/3262/481, fase A, operación n.º 220190014234, por importe de 8.000 €.

3.- Minorar o dito documento contable A, operación n.º 220190014234 e o seu correspondente RC, operación n.º 220190003972, por importe de 8.000 €, de acordo co establecido na resolución n.º 24152 (expediente: 2019000003594), deixando o crédito en dispoñible na aplicación orzamentaria sinalada.

4.- Publicar a presente resolución definitiva na web da Deputación Provincial da Coruña, co que se entenderá notificada ás persoas interesadas, de acordo co establecido no art.45 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, poderán optar por interpoñer, con carácter potestativo, recurso de reposición ante o Presidente da Excma. Deputación Provincial da Coruña, dentro do prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da notificación do presente acordo. No seu caso, poderá interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo ante o xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña, dentro do prazo de dous meses, contados desde o día seguinte ao da notificación da presente resolución, e de conformidade co establecido no art. 46.4 da Lei 29/98 de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa. No entanto, se o considera conveniente, pode exercitar calquera outro recurso que estime pertinente.